



Tertulias Literarias


PROGRAMACIÓN

GRUPO A

(Outubro – Decembro 2011)

La cena, de Herman Koch

Unha historia sobre culpas paternas e crimes filiais que reflexiona sobre o racismo e nace dun suceso real – o crime do caixeiro automático - ocorrido en Barcelona no ano 2005. O holandés Herman Koch é actor de televisión e escritor.




El pájaro espectador, de Wallace Stegner

Un axente literario xubilado que reside en California é presionado pola súa muller para levar unha vida máis activa. Cando recibe unha postal dunha condessa amiga súa que tratou na súa mocidade atópase cun vello diario coas suas andanzas case esquecidas e acordan que cada noite lerán un capítulo do mesmo.

Non hai noite tan longa, de Agustín Fernández Paz

Un home de 50 anos regresa desde París a súa vila natal, atormentado cun alude de lembranzas e co amargor da culpa e da covardía tras desconfiar da inocencia do seu pai nuns acontecementos ocorridos décadas atrás.





Cien años de soledad, de Gabriel García Márquez

Máis de corenta anos dende a súa aparición mantense intacta a maxia do mundo de Macondo, co prolongado e laberíntico proceso que o leve da inocencia dos seus orixes ata unha prosperidade precaria e o seu final, a través do ascenso e caída da estirpe dos Buendía.

El día antes de la felicidad, de Erri de Luca

A través de Don Gaetano, porteiro dunha casa napolitana que participou na revolta contra os alemáns na II Guerra Mundial, coñecemos o paso da infancia á madurez dun rapaz orfo que vive e medra con el, nun cadro costumista do Nápoles dos anos 40 e 50.



La ladrona de libros, de Markus Zusak

Co trasfondo da Alemania nazi, Liesel Meminger é unha rapaza de nove anos que, tras a desaparición dos seus pais, é adoptada pola familia Hubermann. Co seu pai adoptivo, Hans, a nena introducirase na literatura tras furtar o seu primeiro libro.

GRUPO A